

**O Galego nos centros
públicos de ensino
secundario obrigatorio:
avaliación do
decreto 79/2010**

Índice

1	Introdución	1
2	Metodoloxía	2
3	Os proxectos lingüísticos do centro	2
4	Distribución horaria	3
5	Potenciación da lingua nos centros	7
6	Formación do profesorado	7
	Bibliografía	8

Coordina:
Marcos Maceira Eiras

Estudo:
Nuria Fociños Fuciños

©2023 A Mesa pola Normalización Lingüística

Rúa García Prieto 7, semisoto B
15706 Santiago de Compostela
www.amesa.gal

1 Introducción

O Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, foi aprobado unilateralmente polo goberno do PP sen ter en consideración a opinión social contraria á redución da presenza do galego nas aulas. Esta opinión social manifestouse nas rúas mais tamén a través do conxunto das organizacións representativas de pais e nais, profesorado, movementos de renovación pedagóxica ou alumnado.

Os efectos contra o galego son ben coñecidos malia non se ter producido até o de agora ningunha avaliación oficial por parte do goberno galego e que, segundo se establece no propio decreto, esta avaliación ha de ter lugar cada catro anos para comprobar os seus efectos e introducir as melloras pertinentes.

Sen se tratar de nengunha avaliación, na enquisa a familias do 2018, o Instituto Galego de Estatística cifraba nun 30,04% das nenas e nenos entre 5 e 15 anos que non sabían escribir galego e nun 23,9% os que non o sabían falar, datos que se incrementaron desde os estudos anteriores.

A requirimentos de organismos internacionais como o Consello de Europa ou o relator especial da ONU para as minorías, a Xunta limitouse a ofrecer como dato fiábel de avaliación a distribución horaria do 50% entre galego e español ou, no seu caso 33% para galego, castelán e inglés que indica o decreto. Porén, tal e como puideron constatar estes organismos internacionais a través dos relatorios e da información que lle solicitaron á Mesa pola Normalización Lingüística, o suposto equilibrio era imposible de conseguir debido a que as materias nas que está prohibido o uso do galego eran as que coa LOMCE tiñan maior carga horaria, tal e como o Comité de expertos do Consello de Europa sinalou en varias ocasións e ao que se engade as reiteradas recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa de eliminar as restricións ao uso do galego para comezar a garantir o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas.

Até hoxe non foi a Xunta de Galiza quen avaliou o decreto nin na efectividade do pretendido obxectivo de mellorar as competencias lingüísticas en galego, español e inglés, nin o seu grao de cumprimento. As únicas avaliacións son as publicadas pola Mesa respecto ao uso do galego nas aulas de infantil nos anos 2015 e 2017, o informe da RAG sobre o concello de Ames, un dos 313 que ten Galiza, e os mencionados informes do Comité de expertos do Consello de Europa após contrastar as informacións proporcionadas pola Xunta e a Mesa.

Todas estas avaliacións coinciden en sinalar que o Decreto 79/2010 non garante as competencias en galego coas que debe contar o alumnado ao remate de cada etapa educativa. Moi ao contrario indican que este decreto é un factor máis que contribúe con moita claridade ao abandono do uso do galego por quen o fala e á non incorporación de novas persoas falantes en grande parte dos casos por incapacidade para o faceren.

Tendo en conta este punto de partida, neste novo informe establecemos como obxectivo coñecer ademais o grao de cumprimento e o nivel de execución do decreto de plurilingüismo no grao limitado que permite de emprego do galego nas aulas.

O estudo recolle a información pública e dispoñíbel dos 303 centros públicos (Centros Públicos Integrados ou Institutos de Ensino Secundario) que imparten Ensino Secundario Obrigatorio.

2 Metodoloxía

A actual Lei Orgánica pola que se Modifica a Lei Orgánica de Educación (LOMLOE) mantén na súa redacción orixinal o artigo 121.3 da Lei Orgánica de Educación (LOE) que tamén permaneceu inalterado durante a vixencia da Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).

Este artigo sinala que «no marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa». Segundo o decreto 79/2010 de plurilingüismo, o proxecto lingüístico forma parte deste proxecto educativo.

A obrigatoriedade de facer pública esta información permitiunos comezar comprobando a través da documentación que os centros publican nas súas páxinas web a existencia ou non do proxecto lingüístico de centro, cos resultados que se sinalarán neste informe.

Para coñecer o grao de emprego do galego nas aulas baseámonos na información que os centros adoitan publicar ao finalizar cada curso cos libros e manuais que se empregarán en cada materia. Este dato non se pode entender só como unha orientación senón que, grazas ao artigo 13.1 do Decreto 79/2010 polo que *os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia, temos un indicador moi claro do nivel de uso real do galego nas aulas.*

3 O Proxectos Lingüístico de centro

O Proxecto Lingüístico de centro (PLC) é un documento a elaborar cada catro anos que forma parte do seu proxecto educativo e como tal debe ser aprobado polos órganos correspondentes do centro. Nel débense sinalar cando menos os seguintes aspectos:

- **Programa regular**, establecido pola Consellaría, de fomento da lingua galega en cada centro educativo coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extra-escolares e complementarias.
- **A decisión do centro educativo respecto da lingua** en que se impartirán as materias de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- **Medidas adoptadas** para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- **Obxectivos xerais e as liñas de actuación** deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.


A maioría dos centros galegos públicos de secundaria inclúen na súas programacións educativas referencias á súa situación sociolingüística e ao seu compromiso coa lingua galega, destacando como mínimo a actividade das equipas de normalización e dinamización lingüística que existen en todos os centros.

Porén, existen eivas habituais nos proxectos lingüísticos, entre as que destacan a escasa ou inexistente mención á programación regular promovida pola Consellaría e as dificultades de acceso aos propios proxectos lingüísticos ben por non contaren cun apartado específico dentro

da web do centro, aínda estando na programación educativa ou ben por non estar publicado na páxina.

Para estar en vigor o PLC non pode ter máis de catro cursos polo que deberían ter sido elaborados e aprobados con posterioridade ao curso 2018/2019, situación na que só se encontran o 40% do total dos centros que imparten ESO.

Gráfica 1. Actualización dos Proxectos Lingüísticos



Ao proxecto lingüístico débese incorporar cada ano unha addenda na que se sinalen as modificacións na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería, así como información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.

Aliás, cómpre lembrar que o artigo 14.3 do Decreto sinala que o *Proxecto lingüístico deberá ser remitido á inspección educativa que velará polo seu contido*, polo que os erros que se aprecian tanto no contido como na publicitación dos Proxectos lingüísticos é responsabilidade da Consellaría que debe dar indicacións claras sobre o documento e a súa utilidade. Hai, por tanto unha negligencia clara, continuada e prolongada no tempo, da Consellaría de Educación, que contrasta coa súa insistencia en divulgar unhas supostas bondades dun decreto cuxo nivel de cumprimento, resultado e valoracións non ten interese en coñecer nen avaliar, vulnerando ademais a súa propia lexislación só nos aspectos que poden contribuír a mellorar a presenza da lingua galega.

4 Distribución horaria

O decreto establece no seu artigo 7.4 unha teórica distribución horaria equitativa en castelán, galego e inglés no caso de se introducir esta última lingua, para as materias nas que non está prohibido o uso da lingua propia de Galiza ou deben ser de impartición en galego. Os centros deben renovar esta distribución cada 4 anos, e cada ano introducir addendas.

Porén, no período de vixencia do decreto de plurilingüismo o reparto equitativo non se permitiu porque a LOMCE outorgaba maior carga horaria a aquelas materias nas que o uso do galego está prohibido. Deste xeito, ao longo da ESO existía unha diferenza de 10 horas a favor do español na modalidade de ensinanzas académicas e de 13 na de ciencias aplicadas.


Coa introdución das modificacións da LOMLOE desde o presente curso, mantense como base a vantaxe para o español que parte dunha hora máis nas materias que obrigatoriamente deben ser impartidas nesta lingua. O suposto equilibrio só se pode procurar a través das materias onde non está prohibido explicitamente o uso do galego. Porén, como veremos, isto presenta algunhas limitacións promovidas directamente desde a administración.

O artigo 13.1 do decreto 78/2010, indica claramente que *os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia*. Por tanto, non se pode considerar que nunha materia se está a empregar unha lingua cando os materiais didácticos están noutra.

Consultada a información pública sobre libros de texto empregados para o cursos 2022/2023, puidemos comprobar que en 53 centros os libros de texto cos que debe contar o alumnado presentan variacións entre a lingua na que se imparte a materia segundo o proxecto e a lingua do libro, reducíndose en todos os casos a presenza da lingua galega, e impedindo o suposto equilibrio lingüístico.

Esta variación non se limita a estes centros. 178 centros contan con EDIXGAL, o programa da Xunta de Galiza para libros de texto dixitais. Neste programa só as materias das áreas que deben ser impartidas en galego (Ciencias naturais e Ciencias Sociais) contan con todos os materiais no noso idioma. No resto ou a maior parte da oferta está só español (música e plástica en 3º e 4º da ESO), ou a oferta en galego é minoritaria (1 en galego fronte a 4 en español en Educación física ou Plástica de 1º da ESO ou Educación física e música de 2º). En cursos como 4º da ESO ao estaren só en español os libros de troncais como latín, economía, plástica ou música, aumenta a posibilidade de só se empregar o galego en 9 das 32 horas semanais.

Gráfica 2. **EDIXGAL nos centros públicos de secundaria**



Tendo en conta as limitacións de EDIXGAL e a diferenza entre lingua que se establece nas planificacións dos centros, estamos a falar de 220 centros de 310 onde se reduce aínda máis a presenza do galego e onde se limita a posibilidade de planificación dos centros na procura de mellores condicións para a adquisición de competencias lingüísticas en galego polo alumnado.

A distribución horaria vén fixada polo Anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Engadindo a distribución lingüística segundo o decreto 78/2010 daría inicialmente este resultado básico:

Táboa 1. Distribución horaria semanal na ESO. Materias con lingua fixada polo Decreto 79/2010

MATERIAS	CURSOS/HORAS						
	1.º	2.º	3.º	4.º	GAL.	CAST.	Outra
Bioloxía e Xeoloxía	3		2		5		
Física e Química		3	2			5	
Lingua castelá e Literatura	3	3	3	3		12	
Lingua extranxeira	3	3	3	3			12
Lingua galega e Literatura	3	3	3	3	12		
Matemáticas	4	4	4			12	
Matemáticas A / Matemáticas B				4		4	
Segunda lingua extranxeira	2	2					4
Tecnoloxía e dixitalización	3	3				6	
Xeografía e Historia	3	3	3	3	12		
Totais ESO (total 84)					29	39	16

Como se pode comprobar, nas materias ás que se refere directamente o Decreto 79/2010, o galego parte de 10 horas menos no conxunto da etapa respecto ao castelán, nunha distribución inicial que afecta a 84 das 132 totais.

Porén, á dificultade de combinación de horarios por parte do centros, engádense as que introduce o feito de a maioría dos materias didácticos que a Xunta fornece a través de EDIXGAL estaren en español e a escaseza das opcións en galego.

Táboa 2. Disponibilidade por linguas dos materiais de EDIXGAL

MATERIA	LIBROS EN EXDIGAL	LINGUA
1.º ESO		
Educación física	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español
Educación plástica, visual e audiovisual	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español
Relixión	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español/galego
2.º ESO		
Educación física	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español
Música	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español
Relixión	Aula Planeta Netex Smart Edebé	Español Español/galego Español/galego
Valores éticos	Aula Planeta Netex Smart	Español Español/galego
3.º ESO		
Educación en valores cívicos e éticos	Edebé	Español/galego
Cultura clásica	Edebé	Español
4.º ESO		
Valores éticos	Edebé	Español/galego
Educación plástica, visual e audiovisual	Edebé	Español
Música	Edebé	Español
Relixión católica	Edebé	Español/galego
Economía	Edebé	Español
Latín	Edebé	Español
Cultura clásica	Edebé	Español
Filosofía	Edebé	Español

Como se pode observar, a presenza e diversidade de materiais en español é moi superior ao galego cando non é exclusiva. Este último factor, o da exclusividade de materiais en español, dá lugar á seguinte distribución, onde ao español se lle garante en calquera caso unha presenza mínima de 52 horas no conxunto da ESO (40,62%) fronte ás 29 para o galego (22,65%) e 16 para outras linguas (12,5%).


A abundancia e diversidade de materiais didácticos e libros de texto en español fronte á inexistencia ou escaseza dos mesmos materiais e libros en galego, permite concluír que EDIXGAL favorece que no conxunto da ESO se desenvolvan 33 sesións semanais en galego, 55 en castelán, 16 noutras linguas e as 28 restantes tamén en castelán. Neste feito inflúe a prohibición de uso de galego nas materias da áreas de Matemáticas, Física e química e Tecnoloxía mais EDIXGAL introduce un novo veto ao galego: nas optativas de 3.º da ESO non hai posibilidade de contar cos materiais dixitais en Educación Plástica e audiovisual, Música ou Cultura clásica. Para 4.º da ESO a limitación de uso do galego afecta a Educación plástica e audiovisual, Música, Economía, Latín, Cultura Clásica e Filosofía.

Táboa 3. Distribución horaria semanal na ESO e linguas en uso

MATERIAS	CURSOS/HORAS						
	1.º	2.º	3.º	4.º	GAL.	CAST.	Outra
Bioloxía e Xeoloxía	3		2		5		
Educación física	2	2	2	2			
Educación en valores cívicos e éticos			1		1		
Educación plástica, visual e audiovisual	2		2			2	
Física e Química		3	2			5	
Lingua castelá e Literatura	3	3	3	3		12	
Lingua extranxeira	3	3	3	3			12
Lingua galega e Literatura	3	3	3	3	12		
Matemáticas	4	4	4			12	
Matemáticas A / Matemáticas B				4		4	
Música		2	2			2	
Relixión / Proxecto competencial	1	1	1	1			
Segunda lingua extranxeira	2	2					4
Tecnoloxía e Dixitalización	3	3				6	
Xeografía e Historia	3	3	3	3	12		
Optativa 3.º (1)			3			3	
De opción 4.º 1 (2)				3		3	
De opción 4.º 2 (2)				3		3	
De opción 4.º 3 (2)				3			
Optativa 4.º (3)				3		3	
Libre disposición de centro	2	2					
Titoría	1	1	1	1			
Totais	32	32	32	32	30	55	16

A única alternativa que se lle dá ao profesorado para favorecer a competencia lingüística do alumnado empregando materiais en galego, é elaboralos directamente e subilos a EDIXGAL, sen a intermediación dos facilitados pola Consellaría de Educación.

Gráfica 3. Linguas e sesións semanais ESO con EDIXGAL



5 Potenciación da lingua nos centros

O artigo 11 do Decreto 79/2010 sinala que a Consellaría establecerá un programa regular de actividade en cada centro. Existen accións positivas para a lingua como o Correlingua, o proxecto de normalización e dinamización da lingua galega de maior traxectoria ao longo de 23 anos e grande participación dos centros e do alumnado mais que, porén, non conta coa colaboración da Consellaría. En proxectos que contan coa colaboración da Consellaría destaca 21 días co galego. Alén da regularidade, estes proxectos non están establecidos en todos os centros polo que se imposibilita que sexan contemplados no proxecto lingüístico, coa participación de toda a comunidade educativa e que permitan un incremento no uso do galego nas actividades extra-escolares e complementarias, tal e como sinala do Decreto.

6 Formación do profesorado

Segundo o artigo 16 do Decreto, a Consellaría de Educación desenvolverá un plan de formación que garanta que todo o persoal dos centros educativos de Galiza e dos servizos de apoio cuxo persoal dependa da consellería teña unha competencia oral e escrita suficiente para comunicarse e para desenvolver a súa actividade profesional en galego e un coñecemento da situación sociolingüística de Galicia.

Consultados os Plans de formación do profesorado desde o cursos 2017/2018 até a actualidade podemos confirmar a inexistencia de calquera acción da Consellaría relacionada con isto. Na epígrafe lingua deste plan, non se fai referencia ás competencias orais e escritas en galego nen á situación sociolingüística. Todas as referencias ás linguas céntranse na Planificación estratéxica de linguas no centro en relación ao Proxecto lingüístico de centro e o Tratamento integrado de linguas (TIL), ademais dos cursos de actualización lingüística do profesorado e ás competencias lingüísticas e comunicativas orais do profesorado, mais en todos casos referíndose exclusivamente a linguas extranxeiras. Aínda que na práctica o tratamento que recibe a lingua galega por parte da Xunta é o de lingua extranxeira, esta non é a consideración legal nen social do galego en Galiza.

Bibliografía

«A lingua galega na educación infantil de galiza de 3 a 6 anos curso 2016/2017.»

Consultado en <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/informeinfantildef5-pdf.pdf>

Centros con EDIXGAL.

Consultado en <https://espazoabalar.edu.xunta.gal/es/e-dixgal/centros-e-dixgal>

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Xunta de Galiza, 2010.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Xunta de Galiza, 2010.

Enquisa estrutural a fogares, IGE, 2018.

Consultado en https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004&num_pag=4

Guía de centro de Galiza, Consellaría de Educación, 2022.

Consultado en <https://www.edu.xunta.gal/centroseducativos/ListaCentros.do>

Informe sobre a lingua galega na Educación infantil de 3 a 6 anos no curso 2015/16.

Consultado en <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/estudo-educacion-infantil-7-cidades-2015-final-pdf.pdf>

Informes Expertos Consello de Europa e Recomendacións Comité de Ministros Consello de Europa.

Consultado en [https://www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/reports-and-recommendations#%2228993157%22:\[20\]} Spain](https://www.coe.int/en/web/european-charter-regional-or-minority-languages/reports-and-recommendations#%2228993157%22:[20]} Spain)

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.

Consultado en <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3/dof/spa/pdf>

Mapa lingüístico escolar de Ames, RAG, 2021.

Consultado en <https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/380/379/404>

Plans anuais de formación do profesorado, Xunta de Galiza. 2017 a 2022.

Consultado en <http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/364>

Resposta da Mesa pola Normalización Lingüística ao Informe sobre as recomendacións de acción inmediata formuladas polo Comité de ministros do Consello de Europa, febreiro 2021.

Consultado en <https://www.amesa.gal/wp-content/uploads/respostaconselloeuropa2020galego-pdf.pdf>

Statement of the United Nations Special Rapporteur on minority issues, Fernand de Varennes, on the conclusion of his official visit to Spain, 14-25 January 2019.

Consultado en <https://www.ohchr.org/en/statements/2019/01/statement-united-nations-special-rapporteur-minority-issues-fernand-de-varennes>

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA